

Antía Cal naceu na Habana, 18 de abril de 1923. Antía faise mestra na Coruña e finalizados aqueles estudos cursará a carreira de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago. Recoñecemos a Antía Cal polo seu pulo vital, pola súa intelixencia e talento, pola súa obra, pola súa condición de muller consciente e activa e polo labor de moitos anos á fronte do colexio que fundou e dirixiu, o Rosalía de Castro en Vigo. O seu alumnado é a súa obra: **Sementeira de futuro**.



Berta Dávila, nada en Santiago de Compostela o 31 de decembro de 1987, é unha escritora galega, novelista e poeta. Entre a súa poesía eliximos estes versos:

Isto é poesía:

Suxeitar a beleza talvez para exhibila

Prendida de alfiletes sobre papel de inventario. (Raíz de Fenda)

(Raíz de Fenda)



Castaño, Yolanda, nada en Santiago de Compostela o 19/4 de 1977. É unha poetisa galega que se dedica tamén ao xornalismo e á televisión. Ten desenvolvido distintas experiencias que fusionan a poesía coa plástica, coa música ou co audiovisual. Eliximos estes versos:

**Somos dúas vogais formando un ditongo,
dúas coordinadas copulativas .**



Dores Tembrás nada en Bergondiño (Bergondo) o 13 de febreiro de 1979, é unha escritora galega. A súa obra: Poesía, obras colectivas e en Literatura infanto-xuvenil:



Elvira Riveiro nada en Cerponzóns (Pontevedra) o 5 de maio de 1971, é unha poeta galega. Finalista do Premio Merlín de literatura infantil en 2007 por pAlAbrAs brAncAs :

**As palabras danzan
a danza das algas,**

**as palabras cantan
samba nas gargantas.**



Frida Kahlo, nada en Coyoacán (México) o 6 de xullo de 1907 e fina o 13 de xullo de 1954. Foi unha recoñecida pintora e poetisa mexicana, así como esposa do muralista Diego Rivera. A súa vida estivo marcada por un grave accidente que lle deixou grandes secuelas e a súa obra pictórica xira temáticamente en torno a ese sufrimento e á súa biografía.

"Pés, para que os quero, se teño ás para voar"



Guadalupe Gómez, nada en Fisteus (Curtis) en 1972, é unha poeta e xornalista galega.
Obra: narrativa poesía, teatro, infanto-xuvenil...
**Vou bailando,
Coma unha marioneta,
Libre, feliz, calada.**



Heinze, Ursula (Colonia, Alemania, 1941) é unha escritora de orixe alemán, licenciada en Filoloxía Xermánica. Reside en Galicia dende que casou con Ramón Lorenzo, en 1968. Eliximos dun dos seus poemas estes versos:
**O mar non pode lévalo
por iso apaño sal**



Isabel Minhos, (Lisboa, 1974) Estudou Deseño na Facultade de Belas Artes de Lisboa. Publicou varios libros, entre eles "P de papá", "Ovejita, dame lana" e "**Grazas**"



Ledicia Costas nada en Vigo o 19 de setembro de 1979, é unha escritora galega. Gañou o Premio Nacional de Literatura infantil e xuvenil de España en 2015, pola súa obra :
Escarlatina, a cociñeira defunta.



María Canosa, nada en Cee o 20 de agosto de 1978, é unha escritora galega de literatura infantil e xuvenil, filla da escritora Concha Blanco (**letras**).

Titulouse como Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos pola Universidade da Coruña e traballou de enxeñeira (**ciencias**) Colabora como articulista en *La Voz de Galicia*, e ocupa o posto de "experta" no programa da TVG *Verbas van*.




Nunila López, nada en Barcelona, 1966. Escritora e contacontos, resultou ser a gañadora do premio Racimo en 2009 por "La Cenicienta que no quería comer perdices".
Outra das súas obras é o conto coeducativo "Los colores" xunto con Myriam Cameros, trata de temas como a importancia de quererse, a loita contra a homofobia ou a violencia de xénero. Frase do conto:
**A cor lila vive en todas as persoas que elixen, libremente,
vivir as súas infinitas mezclas.**



Olga Patiño é unha actriz, poeta, tradutora, e directora de teatro nada na Coruña. Profesora de inglés nun IES.

A escritora fala da poesía como «un xeito de insubordinación, un acto de liberación, o mesmo que todas as artes; so a través das artes se pode sobrevivir sen rancor neste mundo». Conclúe cun dos seus versos: «**Quero mover o vento, non me silencies**».



Pilar Pallarés, nada en Culleredo o 29 de abril de 1957, é unha poetisa galega. Estudou Filoloxía Galego-Portuguesa na Universidade de Santiago de Compostela. Entre as súas obras en poesía eliximos "**Entre Lusco e Fusco**"



Queizán, M^a Xosé, nada en Vigo o 5 de febreiro de 1939, é unha escritora, catedrática de lingua e literatura galega e figura relevante no movemento feminista.

Ten unha ampla obra: narrativa, poesía, ensaio, teatro, literatura infanto-xuvenil. Unha das súas obras en narrativa: "**Amor de Tango**"



Rosalía de Castro, nada en Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 1837 e finada en Padrón o 15 de xullo de 1885, foi unha escritora e poeta galega, considerada a máis ilustre figura da lírica moderna e unha das máis altas da poesía española do século XIX.

*Adios, ríos; adios, fontes;
adios, regatos pequenos;*

*adios, vista dos meus ollos:
non sei cando nos veremos.*



Sés ou SES, nada na Coruña en 1982, é unha cantautora galega de orixe bergantiñá. Comezou a súa formación no baile e na música tradicional galega. Ademais diso, é mestra e licenciada en filoloxía galega e antropoloxía social.


Entre as moitas cancións súas eliximos: *Concordias de papel*



Tamara Andrés, nada en Combarro (Poio) o 8 de agosto de 1992, é unha escritora e tradutora galega. Encontra na escritura unha vía de liberación e reflexión. Nunha entrevista comenta:

..., contas o que desexas contar, non hai normas nin exixencias.

Ao escribir eres libre.



Uxía Senlle conocida como Uxía, (Sanguñeda, Mos, 19 de novembro de 1962) é unha cantante galega. Levou a cabo grandes proxectos musicais como Cantos na Maré ou María Fumaça, un proxecto de celebración da vida. Deceas de artistas viaxan nun libro-disco con CD, no tren máis divertido do mundo.

Sube á locomotora M^a Fumaça !!



Victoria Moreno nada en Valencia de Alcántara (Cáceres) o 1 de maio de 1939 e finada en Pontevedra o 22 de novembro de 2005, Foi unha editora, tradutora, conferenciante, escritora de literatura infantil e xuvenil en lingua galega e profesora de ensino secundario.

A frase que eliximos pertence á súa obra *Anagnórise*, 1989: «**As persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos**».



Wonenburger, M^a Josefa (Montrove, Oleiros, 19 de xullo de 1927-A Coruña, 14 de xuño de 2014). Foi unha galega que desenvolveu os seus traballos de investigadora en Estados Unidos e Canadá.

“**Teño tendencia a ser feliz**” con estas palabras a gran matemática resumía a súa filosofía de vida.



Xoana Torres, nada en Santiago de Compostela o 22 de novembro de 1929 e finada en Vigo o 12 de setembro de 2017. Foi unha escritora galega. Eliximos dun dos seus poemas este verso:

Madrugada. Atravesei o mar.
Verbas que tocan



María Reimóndez, nada en Lugo no 1975, é unha escritora galega, doutora en tradución e interpretación pola Universidade de Vigo. Cultiva tanto a narrativa e a poesía coma o ensaio e o teatro.

Na literatura infanto-xuvenil a súa primeira obra foi *Usha*. unha rapaza galega vai vivir á India coa súa nai e descobre que alí **Usha significa a primeira luz do mencer**.

